Antes pobre que calado

Estrofas **G – D – C – D**
Retrouso **C – G – D – Em / C – G – D – G**

Estrofa 1
G – D – C – D
Hai quen navega en silencio
co medo como timón,
eu prefiro mar aberto
e vivir sen dirección.
Que a verdade, aínda que doa,
é lume que non se apaga,
e quen vive da mentira
nin dorme nin se levanta.
As cousas boas da vida
van e veñen, quen sabrá
xa podes estar tranquilo
que o tempo xa cho dirá!

Retrouso
C – G – D – Em
C – G – D – G
Berra forte, non te cales,
que a vida vai nun cantar,
a verdade non se vende
nin se manda silenciar.
E que digan o que queiran,
xa me poden agardar,
antes pobre ca calado,
que vencido por calar.

Estrofa 2
G – D – C – D
E se un día eu me perdo
entre o que fun e o que son,
que me atope na mirada
cando fale o corazón.
Ponme outra que esta noite,
ainda queda por vivir,
o licor este non debe
de alterarme moito a min!
Se me faltan as palabras
queda aínda o meu sentir,
hai silencios que acompañan
hoxe toca resistir!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 3
G – D – C – D
Hai quen ten cadeas feitas
de medos e de rancor,
eu prefiro pasos longos
que me leven onde estou.
Que a vida é este intre
que pasa sen avisar,
e os soños que non viviches
nunca máis han de voltar.
E se o vento un día esquece
de levarme onde eu soñei,
lembraréi que cada paso
foi un mundo que crucei.

Retrouso
C – G – D – Em / C – G – D – G
Berra forte, non te cales,
que a vida vai nun cantar,
a verdade non se vende
nin se manda silenciar.
E que digan o que queiran,
xa me poden agardar,
antes pobre ca calado,
que vencido por calar.

Peche
G – D – C – D
Que a alegría é como o vento,
que non se pode agarrar,
pero se sopla no peito,
nunca deixes de bailar!